DEPUTACIÓN OURENSE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 23 DE XULLO DE 2026

Ás 10.03 horas do día 23 de xullo de 2026, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Eva María Pérez Gamote

Dona Sherezade Núñez Rodríguez

Dona Susana Rodríguez Rodríguez

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Don Antonio Fernández Martín

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Don Francisco Lorenzo López

Deputados Non Adscritos

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: ver vídeo acta

I. PARTE RESOLUTIVA (artigo 4 a) do Regulamento orgánico provincial)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2026 (EXP. Nº 2026/7G/PLENO).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de xuño de 2026.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 26 de xuño de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POR PARTE DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DOS GASTOS DERIVADOS DE EXECUCIÓNS FORZOSAS DOS ARTIGOS 99 E 100 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (EXP. Nº 2026/10340M).-

A Presidencia sinala que, por acordo dos grupos, se realizará debate conxunto dos puntos 2º e 3º da orde do día desta sesión.

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo concello de Viana do Bolo a favor da Deputación Provincial, mediante acordo de 22 de maio de 2026, para a recadación executiva dos gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello de Viana do Bolo, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do ingreso de dereito público ao que se refire.
c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga do período executivo que corresponda en cada caso, conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo da catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POR PARTE DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO DO EXERCICIO DAS FACULTADES DE RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS MULTAS POR INFRACCIÓNS AO TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA, ASÍ COMO ÁS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE CIRCULACIÓN (EXP. Nº 2026/10343P).-

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 2º da orde do día cuxas intervencións se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 2

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Viana do Bolo a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 22 de maio de 2026, das facultades de recadación, en período voluntario e executivo, das débedas correspondentes a multas por infraccións do texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e ás ordenanzas municipais de circulación impostas polo concello de Viana do Bolo, nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía voluntaria e en executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
b) Sen prexuízo da colaboración na tramitación por parte da Deputación Provincial de Ourense, corresponde a incoación, instrución e resolución do procedemento sancionador aos órganos administrativos do concello de Viana do Bolo que teñan atribuídas ditas competencias dentro do concello.
c) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao ingreso de dereito público ao que se refire.
d) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarlles ás cantidades efectivamente recadadas o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga do período executivo que corresponda en cada caso, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

e) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

4º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 7/2026 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 75.000,00 €, FINANCIADO CON CARGO AO FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXP. Nº 2026/11454S).-

Neste asunto presentouse unha emenda ao ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos de aprobación do dito expediente.

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 4

Non se producen máis intervencións e, en primeiro lugar, ten lugar a votación á emenda ao ditame de aprobación do dito expediente que é aprobada co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (6) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3).

A continuación realízase a votación deste asunto coa emenda ao ditame que é aprobada co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (6) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3), polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 7/2026 de modificación das bases de execución e de suplemento de crédito por importe de 75.000,00 €, financiado con cargo ao Fondo de Continxencia e outros imprevistos do Orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, do seguinte xeito:

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Primeiro.- Na sesión ordinaria celebrada o día 30 de abril de 2026, o Pleno da Corporación aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 3/2026. Este acordo adquiriu carácter definitivo tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 100, de data 29 de maio de 2026.

No citado expediente incluíuse a habilitación dun crédito extraordinario na aplicación orzamentaria 32611/45199, denominada «Proxecto HUB TERMAL: Planta Piloto », por importe de 150.000,00 €.

Tras examinar a memoria facilitada pola Universidade de Vigo para a súa concesión, constátase unha desconformidade estritamente técnica entre a información inicial dispoñible para a habilitación do crédito e a verdadeira natureza económica do gasto. Evidenciase así un erro de cualificación por parte deste órgano instrutor, dado que o capítulo de gastos consignado non é o correcto, xa que o axeitado ao obxecto do proxecto é o capítulo VII de gastos, ao tratarse dunha transferencia de capital.

Polo tanto, co fin de evitar que a entidade beneficiaria da subvención nominativa perda o dereito a esta por mor dunha desconformidade entre o capítulo de gastos e a natureza da axuda, proponse a modificación do devandito capítulo, o cal non implica ningún cambio cuantitativo no orzamento nin supón unha modificación substancial das bases de execución, senón a estrita emenda dun error material para axustar a partida á legalidade vixente.

En consecuencia, a subvención nominativa quedaría reflectida do seguinte xeito:

UNIVERSIDADE DE VIGO	Proxecto de investigación HUB TERMAL: PLANTA PILOTO	150.000,00 €	32611/75199	EXT

Segundo. O presente expediente de modificación de créditos instrúese co obxecto de repoñer o crédito dispoñible na aplicación orzamentaria do Capítulo VI correspondente á Área de Infraestruturas , o cal foi obxecto de retención e disposición inmediata por un importe de 75.000,00 € para atender os gastos derivados da execución, **por razóns de emerxencia** dos traballos consistentes na retirada de escombros e limpeza de camiños e rúas afectadas polas tormentas acaecidas o día 17 de xuño de 2026 na Bouza e Pixeiros, no termo municipal de Viana do Bolo.

A actuación inmediata do órgano de contratación articulouse validamente ao amparo do procedemento de emerxencia regulado no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). Non obstante, co fin de non prexudicar a normal execución e a programación dos restantes investimentos inicialmente previstos na devandita aplicación orzamentaria, desígnase como **necesaria a restitución dos fondos detraídos mediante a incoación dun expediente de Suplemento de Crédito, financiado con cargo ao Fondo de Continxencia e imprevistos.**

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

A xustificación técnica para recorrer a este mecanismo atende ao cumprimento estrito dos requisitos legais definidos na normativa de estabilidade orzamentaria e nas Bases de Execución do Orzamento para a mobilización do Fondo de Continxencia (92911/ 50000) :

a) Carácter inaprazable do gasto: A necesidade de repoñer o crédito na aplicación (45311 / 61903) para garantir a continuidade e viabilidade das actuacións ordinarias xa programadas pola área xestora.

b) Carácter non discrecional e imprevisto: Os danos derivados dos fenómenos meteorolóxicos adversos (inundación) constitúen unha alteración fóra do control desta Administración que non puido ser anticipada ou prevista na elaboración e aprobación do Orzamento Xeral vixente.

A estrutura orzamentaria do presente suplemento de crédito detállase a continuación:

SC		
Aplicación orzamentaria	**Descrición**	**Importe**
45311/61903	**Vías provinciais. Reparación vías provinciais**	75.000,00 €
Total		**75.000,00 €**

Financiamento		
Aplicación orzamentaria	**Descrición**	**Importe**
50000	**Fondo de continxencia e imprevistos**	75.000,00 €
Total		**75.000,00 €**

Non implica un cambio cuantitativo do orzamento vixente.

Terceiro.- En base ás solicitudes formuladas polos distintos alcaldes e presidentes das entidades da provincia, proponse a modificación dos beneficiarios e das finalidades das axudas inicialmente previstas.

As devanditas modificacións non teñen incidencia cuantitativa sobre o Orzamento Xeral do exercicio 2026 e tramítanse de conformidade co disposto nas Bases de Execución do citado Orzamento.

a) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Deputación Provincial de Ourense, previáse unha subvención nominativa ao **Concello de Amoeiro** para **" Humanización área recreativa de Bóveda "** pola cantidade de **75.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo Alcalde do Concello de Amoeiro con data do 16 de xuño de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación da finalidade da subvención concedida.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio de finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE AMOEIRO

FINALIDADE	***IMPORTE***
Pavimentación e mellora de drenaxe da estrada municipal de Priorato-Bacurín.	*75.000,00 €*

b) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previáse unha subvención nominativa ao **Concello de Arnoia** para **" Cofinanciamento de mellora de infraestruturas no núcleo rural de Remuiño "** pola cantidade de **14.741,12 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo Alcalde do Concello de Arnoia con data do 12 de xuño de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación da finalidade da subvención concedida, **proponse o cambio de finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE ARNOIA

FINALIDADE	***IMPORTE***
Mellora do saneamento no pobo de Remuiño	*14.741,12 €*

c) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previáse unha subvención nominativa ao **Concello de Larouco** para **" Confinaciamento proxecto de recuperación e posta en valor da capela "** pola cantidade de **36.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada pola Alcaldesa do Concello de Larouco con data do 15 de xuño de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación da finalidade da subvención concedida, proponse o cambio de finalidade da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE LAROUCO

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

FINALIDADE	*IMPORTE*
Achega do concello de Larouco ao PAI "Valdeorras polos camiños do Sil". Anualidade 2026	*36.000,00 €*

d) Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/480.99 " Subvencións nominativas correntes a familias e inst . sen fins de lucro. Actividades culturais"** no **expediente de modificación número 3/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa a **Coral de Ruada** para **" Gastos de funcionamento "** pola cantidade de **29.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada pola representante da Coral de Ruada con data do 23 de xuño de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que se solicita a ampliación da finalidade da subvención concedida, debido a que ademais dos gastos xerais de funcionamento da Coral, require afrontar outros gastos de mantemento directamente vinculados coa súa actividade habitual, imprescindibles para garantir a continuidade e calidade da actividade cultural e musical desenvolvida por esta entidade

Polo exposto anteriormente, **proponse a ampliación da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CORAL DE RUADA

FINALIDADE	*IMPORTE*
Gastos de funcionamento e de mantemento necesarios para o desenvolvemento da actividade musical e cultural da Coral	*29.000,00 €*

e) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.99 " Cooperación provincial. Subv. Nominativas correntes a concellos"** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previase unha subvención nominativa ao **Concello de Barbadás** para **"** Documental Alberto García Ferreiro" pola cantidade **de 20.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo Alcalde do Concello de Barbadás con data do 09 de xullo de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación do beneficiario da subvención concedida, ante a imposibilidade material de realizar dita actividade polo concello, proponse o cambio de finalidade da subvención quedando da seguinte maneira,

Aplicación orzamentaria 33420/48099 " Subvencións nominativas correntes a familias e inst . sen fins de lucro. Actividades culturais".

BENEFICIARIO	*NIF*	*FINALIDADE*	*IMPORTE*

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Asociación Alberto García Ferreiro	*G88921739*	*Documental Alberto García Ferreiro*	*20.000,00 €*

f) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previánse dúas subvencións nominativas ao **Concello de O Riós** para **" Mellora dos impactos paisaxísticos "** pola cantidade de **8.800,00 euros**, e outra para **" Rehabilitación de vivenda municipal"** pola cantidade de **2.613,56 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada pola Alcaldesa do Concello de O Riós con data do 10 de xullo de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación da finalidade da subvención concedida, debido a imposibilidade do concello de poder levalas a cabo.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio de finalidade** das subvencións quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE O RIÓS

FINALIDADE	***IMPORTE***
Adquisición luminarias	*8.800,00 €*

FINALIDADE	***IMPORTE***
Adquisición de E.P.I.S , maquinaria e ferramentas inventariables.	*2.613,56 €*

g) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previáse unha subvención nominativa ao **Concello de Sandiás** para **"cofinanciamento construción de nave para almacén"** pola cantidade de **150.000,00 euros.**

Na finalidade da subvención cometeuse un erro material na súa redacción, polo que se **propón o cambio de finalidade**, quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE SANDIÁS

FINALIDADE	***IMPORTE***
Construción de nave para almacén	*150.000,00 €*

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

h) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previáse unha subvención nominativa ao **Concello de Punxín** para **"Construción centro social en Vilela. Anualidade 2026"** pola cantidade de **100.000,00 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo Alcalde con data do 15 de xullo de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación da finalidade da subvención concedida debido ao retraso no procedemento de aprobación do Plan Básico Municipal, proponse o cambio de finalidade da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE PUNXÍN

FINALIDADE	*IMPORTE*
Mellora de infraestruturas municipais	*100.000,00 €*

i) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 "Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos "** no **expediente de modificación número 4/2026** dos orzamentos para o exercicio 2026 da Deputación Provincial de Ourense, previáse unha subvención nominativa ao **Concello da Mezquita** para **"Mellora de camiños de San Roque en Santigoso"** pola cantidade de **10.111,92 euros.**

Tendo en conta a solicitude asinada polo Alcalde con data do 17 de xullo de 2026, que tivo entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, pola que se solicita a modificación da finalidade da subvención concedida, proponse o cambio de finalidade da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DA MEZQUITA

FINALIDADE	*IMPORTE*
Instalación de aerotermia en edificio do concello da Mezquita	*10.111,92 €*

Conclusión.- A presente modificación, que está estruturada e adaptada ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a estrutura dos orzamentos as Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo **non afecta cuantitativame**nte ao orzamento vixente.

Á vista da proposta formulada polo presidente da entidades e dos fundamentos xurídico expostos, e en virtude das facultades recollidas no artigo 4.1 do RD 128/2018:

Infórmase favorablemente a **modificación das Bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026.**

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

II. PARTE DE CONTROL (artigo 4 a) do Regulamento orgánico provincial)

6º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA RECLAMAR MÁIS AMBULANCIAS MEDICALIZADAS NA NOSA PROVINCIAL (EXP. Nº 2026/10339G).-

A esta moción presentou unha emenda de engádega o Grupo Provincial do BNG.

D. Rafael Martínez Cachafeiro, de Democracia Ourensana, expón o contido da seguinte moción:

"Vivir no rural de Ourense non debería significar ter menos dereito á saúde que vivir nunha gran cidade. A nosa provincia é a máis grande de Galicia, ten a poboación máis envellecida e os pobos máis dispersos. Sen embargo, no peor momento posible -cando sofres un infarto ou un accidente grave onde cada minuto conta- Ourense só ten ***unha ambulancia medicalizada fixa*** *para toda a provincia, situada na capital.*

Mentres que Pontevedra ten catro e A Coruña e Lugo teñen tres cada unha, a Ourense déixalla atrás. Comarcas como Valdeorras, Verín, Viana ou A Baixa Limia están totalmente desprotexidas. Se pasa algo grave, dependen dun helicóptero que non pode voar de noite nin cando hai néboa ou tormentas (algo moi normal no noso inverno). A outra opción é que o médico do pobo teña que deixar as urxencias do centro de saúde para subirse a unha ambulancia normal, desvestindo un santo para vestir outro.

A saúde dos ourensáns non pode medirse só por estatísticas de poboación. A distancia e o mal estado das estradas tamén matan. Non pedimos privilexios; pedimos que unha emerxencia médica se intente atender coa mesma rapidez nunha aldea de Ourense que no centro de Santiago ou Vigo.

ACORDOS

Por todo isto, pedimos ao Pleno da Deputación que aprobe os seguintes puntos:

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

1. ***Esixir á Xunta de Galicia e ao SERGAS*** *que cambien os criterios para repartir as ambulancias. Non se pode mirar só canta xente vive nun sitio, senón canto se tarda en chegar por estrada para salvar unha vida.*
2. ***Reclamar que se poña, como mínimo, unha segunda ambulancia medicalizada fixa*** *no interior da provincia (en zonas clave como Verín ou Valdeorras) para que ninguén se quede descolgado e unha de soporte vital básico na cidade de Ourense.*
3. ***Pedir reforzos urxentes*** *con ambulancias de enfermería avanzada (SVAE) mentres se conseguen as unidades médicas completas.*
4. ***Enviar estas propostas*** *ao presidente da Xunta e ao conselleiro de Sanidade para que tomen as medidas oportunas e cumpran co solicitado nos puntos do acordo".*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 6

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, en primeiro lugar, a emenda de engádega do BNG que é aprobada co voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3), de Democracia Ourensana (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Popular (12).

A continuación sométese a votación a moción coa emenda de engádega do BNG que é aprobada co voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3), de Democracia Ourensana (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Popular (12), polo que o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. **Esixir á Xunta de Galicia e ao SERGAS** que cambien os criterios para repartir as ambulancias. Non se pode mirar só canta xente vive nun sitio, senón canto se tarda en chegar por estrada para salvar unha vida.
2. **Reclamar que se poña, como mínimo, unha segunda ambulancia medicalizada fixa** no interior da provincia (en zonas clave como Verín ou Valdeorras) para que ninguén se quede descolgado e unha de soporte vital básico na cidade de Ourense.
3. **Pedir reforzos urxentes** con ambulancias de enfermería avanzada (SVAE) mentres se conseguen as unidades médicas completas.
4. **Enviar estas propostas** ao presidente da Xunta e ao conselleiro de Sanidade para que tomen as medidas oportunas e cumpran co solicitado nos puntos do acordo.
5. **Demandar da Xunta de Galiza**, en particular da Consellería de Sanidade, que inclúa dentro da rede de transporte sanitario urxente de Galiza (RTSUG-061)
   - Dotación inmediata dunha base con ambulancia de soporte vital avanzado medicalizada na área sanitaria do Barco.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

- No futuro concurso de transporte sanitario terrestre concesión de ambulancias medicalizadas inclúa a Verín como preferente.
- Igualmente que dote á zona de Trives/Viana dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado de Enfermaría.

6. **Demandar da Xunta de Galiza**, incorporar a base de helicóptero do 061 unha ambulancia Medicalizada (SVA/UVI Móbil), conectada directamente coa área sanitaria: que se poida usar sempre que sexa preciso fundamentalmente cando o helicóptero non poida voar e aproveitar deste xeito a equipa médica do dito servizo.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA A INSTAR A ADIF AO MANTEMENTO, LIMPEZA E ROZA DAS INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS E Á ELIMINACIÓN DO USO DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NA PREVENCIÓN DE INCENDIOS (EXP. Nº 2026/11434H).-

Don José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

"A provincia de Ourense conta cunha importante rede de infraestruturas ferroviarias que atravesan numerosos concellos, parroquias e núcleos de poboación, moitos deles situados en contornas rurais, forestais e de elevada sensibilidade ambiental.

As marxes das vías ferroviarias constitúen espazos que precisan dun mantemento periódico, especialmente no que se refire á limpeza, roza e retirada de vexetación seca ou acumulación de biomasa. A falta dunha correcta conservación destes espazos pode incrementar o risco de incendios forestais, especialmente nos meses de maior calor e nun contexto no que os episodios de seca, altas temperaturas e risco extremo de incendio son cada vez máis frecuentes.

Nos últimos anos producíronse na provincia de Ourense diferentes episodios que evidencian a necesidade de reforzar o mantemento preventivo das marxes ferroviarias. Un dos antecedentes máis significativos produciuse en Boborás, onde un incendio rexistrado no ano 2015 queimou arredor de 180 hectáreas e derivou nunha condena da Audiencia Nacional a ADIF e Renfe pola súa responsabilidade no lume.

Segundo recolleron distintos medios, o tribunal considerou acreditado que a causa do incendio foron faíscas e restos metálicos desprendidos dun tren, ao atoparse os freos en mal estado, que prenderon nos restos de materia orgánica existentes xunto á vía.

Tamén en Boborás, no ano 2022, outro incendio forestal na parroquia de Xurenzás obrigou a cortar temporalmente a circulación ferroviaria entre Santiago de Compostela e Ourense, no quilómetro 289 da liña convencional. O tráfico ferroviario foi posteriormente restablecido,

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

pero o episodio volveu poñer de manifesto a vulnerabilidade destas contornas fronte ao lume.

A estes antecedentes súmanse incidencias recentes noutros puntos da provincia. No mes de xuño de 2026, o Concello de San Cibrao das Viñas solicitou a ADIF actuacións de limpeza nas marxes da vía tras un incendio rexistrado na aldea de Castroverde. Segundo a información publicada, o lume tivo a súa orixe na caída dunha árbore nas inmediacións da infraestrutura ferroviaria.

Ese mesmo episodio foi recollido tamén como un incidente pola caída dunha árbore seca sobre a catenaria na liña entre Ourense e Taboadela, á altura da parroquia de Noalla, en San Cibrao das Viñas, provocando un conato de incendio e o corte da circulación ferroviaria.

Ademais, en agosto de 2025, varios focos de incendio na contorna da vía do tren interromperon a circulación ferroviaria en Ourense e provocaron cortes de luz en zonas como San Cibrao das Viñas, O Couto e Barbadás. Nese mesmo contexto, a conexión ferroviaria con Madrid chegou a quedar cortada durante varias horas a causa dun incendio que cercou a cidade de Ourense.

Estes feitos, con independencia da investigación concreta que corresponda en cada caso para determinar a orixe exacta dos lumes, poñen de manifesto que as contornas ferroviarias son espazos especialmente sensibles e que a presenza de vexetación seca, arborado sen control, restos orgánicos ou biomasa acumulada pode contribuír a incrementar o risco de incendio ou agravar as súas consecuencias.

ADIF, como entidade responsable da administración das infraestruturas ferroviarias, debe garantir un adecuado estado de conservación das vías, das súas marxes e das zonas de servidume, de forma coordinada coas administracións competentes en materia de prevención e extinción de incendios.

A prevención non pode limitarse a actuacións puntuais ou reactivas, senón que debe asentarse nunha planificación anual, sostida e eficaz, que permita reducir riscos, protexer os núcleos de poboación próximos ás vías, preservar o monte e garantir a seguridade das persoas, dos bens e do propio servizo ferroviario.

Así mesmo, resulta necesario avanzar cara modelos de mantemento máis respectuosos co medio ambiente, eliminando progresivamente o uso de produtos fitosanitarios nas marxes ferroviarias e priorizando alternativas mecánicas, manuais ou doutra natureza que permitan controlar a vexetación sen xerar impactos negativos sobre o solo, a auga, a biodiversidade ou a saúde das persoas.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

A situación de abandono non se limita ás marxes e á vexetación circundante, senón que afecta tamén ao propio estado de conservación de numerosas estacións ferroviarias da provincia, tanto as que manteñen servizo de viaxeiros como as que quedaron sen el, amosando un evidente deterioro, con acumulación de sucidade, vexetación descontrolada e falta de mantemento tanto no interior coma no exterior das súas instalacións.

Esta situación de desuso non foi acompañada dun mantemento adecuado, senón que derivou nun progresivo deterioro destas infraestruturas, que en moitos casos permanecen anos sen labores de limpeza nin conservación, malia constituír, en non poucas ocasións, referencias históricas e patrimoniais para as localidades onde se atopan. O abandono destas estacións, ademais de transmitir unha imaxe de deixadez institucional, supón un problema de seguridade e salubridade para os concellos afectados.

O Grupo Provincial do Partido Popular esta comprometido coa defensa do territorio, a prevención dos incendios forestais e coa protección dos concellos da provincia e considera necesario instar a ADIF a reforzar o mantemento das infraestruturas ferroviarias que discorren pola provincia, especialmente naqueles treitos con maior risco forestal, próximos a núcleos habitados ou nos que xa se teñen producido incendios ou incidencias vinculadas á contorna ferroviaria.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes ***ACORDOS:***

1. *Instar a ADIF a realizar, con carácter urxente e periódico, labores de limpeza, roza, retirada de vexetación seca e eliminación de biomasa nas marxes das vías ferroviarias que discorren pola provincia de Ourense, especialmente nos treitos situados en zonas forestais, rurais ou próximas a núcleos de poboación e actuar de maneira prioritaria naqueles puntos nos que xa se teñen producido incendios ou incidencias vinculadas á rede ferroviaria.*
2. *Solicitar a ADIF a elaboración dun plan anual de mantemento preventivo das marxes ferroviarias na provincia de Ourense, que identifique os treitos de maior risco, estableza un calendario de actuacións antes da época de alto risco de incendios e inclúa mecanismos de seguimento e avaliación, incluindo o estado da vexetación nas zonas de dominio público, protección e servidume ferroviaria, especialmente naqueles puntos onde a proximidade de arborado, matogueira ou biomasa poida xerar riscos de propagación de lumes.*

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

3. *Instar a ADIF a reforzar a coordinación coa Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial de Ourense e cos concellos afectados, co fin de identificar os treitos de maior risco e mellorar a prevención de incendios nas contornas ferroviarias.*
4. *Instar a ADIF a eliminar progresivamente o uso de produtos fitosanitarios nas marxes das vías ferroviarias, priorizando sistemas alternativos de control da vexetación máis respectuosos co medio ambiente, coa saúde das persoas, coa biodiversidade e cos recursos hídricos.*
5. *Solicitar a ADIF información detallada sobre as actuacións de limpeza, roza, mantemento e tratamento da vexetación realizadas nos últimos anos nas vías ferroviarias da provincia de Ourense, así como sobre a planificación prevista para o presente exercicio.*
6. *Instar a ADIF ao mantemento e limpeza das estacións de tren situadas na provincia de Ourense, tanto no seu interior coma no seu exterior e con independencia de que se atopen ou non en funcionamento, dado o estado de abandono que presentan moitas delas, co fin de garantir a súa salubridade, seguridade e conservación.*
7. *Dar traslado deste acordo a ADIF, ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias".*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 7

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3), de Democracia Ourensana (3) e do deputado non adscrito (1), e a abstención do Grupo Socialista (6), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar a ADIF a realizar, con carácter urxente e periódico, labores de limpeza, roza, retirada de vexetación seca e eliminación de biomasa nas marxes das vías ferroviarias que discorren pola provincia de Ourense, especialmente nos treitos situados en zonas forestais, rurais ou próximas a núcleos de poboación e actuar de maneira prioritaria naqueles puntos nos que xa se teñen producido incendios ou incidencias vinculadas á rede ferroviaria.
2. Solicitar a ADIF a elaboración dun plan anual de mantemento preventivo das marxes ferroviarias na provincia de Ourense, que identifique os treitos de maior risco, estableza un calendario de actuacións antes da época de alto risco de incendios e inclúa mecanismos de seguimento e avaliación, incluindo o estado da vexetación nas zonas de dominio público, protección e servidume ferroviaria, especialmente

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

naqueles puntos onde a proximidade de arborado, matogueira ou biomasa poida xerar riscos de propagación de lumes.

3. Instar a ADIF a reforzar a coordinación coa Xunta de Galicia, coa Deputación Provincial de Ourense e cos concellos afectados, co fin de identificar os treitos de maior risco e mellorar a prevención de incendios nas contornas ferroviarias.
4. Instar a ADIF a eliminar progresivamente o uso de produtos fitosanitarios nas marxes das vías ferroviarias, priorizando sistemas alternativos de control da vexetación máis respectuosos co medio ambiente, coa saúde das persoas, coa biodiversidade e cos recursos hídricos.
5. Solicitar a ADIF información detallada sobre as actuacións de limpeza, roza, mantemento e tratamento da vexetación realizadas nos últimos anos nas vías ferroviarias da provincia de Ourense, así como sobre a planificación prevista para o presente exercicio.
6. Instar a ADIF ao mantemento e limpeza das estacións de tren situadas na provincia de Ourense, tanto no seu interior coma no seu exterior e con independencia de que se atopen ou non en funcionamento, dado o estado de abandono que presentan moitas delas, co fin de garantir a súa salubridade, seguridade e conservación.
7. Dar traslado deste acordo a ADIF, ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias".

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA IMPULSAR UN PLAN DE APOIO AOS CONCELLOS NA XESTIÓN DE EDIFICACIÓNS EN ESTADO DE RUÍNA OU RISCO DE DERRUBE (EXP. Nº 2026/11449X).-

A esta moción presentou unha emenda de modificación o Grupo Popular.

D.ª Eva María Pérez Gamote, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

"Os alcaldes e alcaldesas dos concellos da provincia de Ourense afrontan, con crecente frecuencia, unha problemática de especial complexidade que transcende o ámbito estritamente urbanístico para converterse nunha cuestión directamente relacionada coa seguridade pública, a protección do patrimonio construído, a ordenación do territorio e a calidade de vida da veciñanza. Trátase da proliferación de edificacións abandonadas, en estado de ruína ou cun evidente risco de derrube, unha realidade cada vez máis presente no medio rural galego como consecuencia do despoboamento, do envellecemento demográfico e da progresiva perda de uso do parque edificatorio tradicional.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

Vivendas, alpendres, cortes, palleiras e outras construcións propias da arquitectura popular forman parte da identidade histórica e paisaxística dos nosos núcleos de poboación. Porén, unha parte significativa destes inmobles permanece abandonada desde hai décadas, pertencendo con frecuencia a persoas falecidas, herdanzas sen formalizar, comunidades hereditarias carentes de representación efectiva ou titulares descoñecidos ou ilocalizables. O inevitable deterioro derivado do paso do tempo incrementa exponencialmente o risco de desprendementos e derrubes, xerando situacións de perigo para as persoas, para as edificacións lindeiras e para os espazos públicos.

Ante estas circunstancias, é habitual que a cidadanía acuda aos concellos na procura dunha resposta inmediata, por seren a administración máis próxima e accesible. Con todo, os gobernos locais atópanse, en numerosas ocasións, con importantes limitacións xurídicas, técnicas e económicas que dificultan unha actuación áxil e eficaz.

*A **Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia**, establece o deber das persoas propietarias de conservar os inmobles nas condicións legalmente esixibles de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato público, atribuíndo aos concellos as facultades de inspección, requirimento e execución subsidiaria en caso de incumprimento. Así mesmo, a Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia, proclama a obriga das administracións públicas de preservar os valores paisaxísticos e patrimoniais do territorio, finalidade claramente comprometida pola degradación progresiva de numerosas edificacións tradicionais que forman parte da nosa paisaxe cultural.*

Non obstante, a aplicación efectiva destas previsións legais resulta extraordinariamente complexa na realidade cotiá de boa parte dos pequenos municipios da provincia. A identificación das persoas obrigadas constitúe, en numerosos expedientes, un proceso longo e dificultoso que obriga a realizar consultas ao Catastro e ao Rexistro da Propiedade, practicar sucesivos intentos de notificación e recorrer, en non poucas ocasións, á publicación mediante edictos, prolongando a tramitación administrativa durante meses ou mesmo anos, mentres o estado do inmoble continúa deteriorándose e aumenta o risco para a seguridade das persoas e dos bens.

A estas dificultades de procedemento engádese a insuficiente capacidade técnica e financeira de moitos concellos, especialmente daqueles con menor poboación e recursos limitados. A emisión de informes especializados, a contratación da dirección facultativa, a redacción de proxectos técnicos ou a execución subsidiaria de obras de consolidación, aseguramento ou demolición representan un esforzo económico dificilmente asumible polos

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

orzamentos municipais, comprometendo a eficacia das competencias que a lexislación lles atribúe.

*Cómpre lembrar que a **Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, atribúe ás deputacións provinciais a función esencial de garantir a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, con especial atención aos de menor capacidade económica e de xestión. Esta función de cooperación institucional resulta particularmente necesaria nun ámbito como o presente, onde a dimensión do problema supera con frecuencia as posibilidades materiais de actuación das administracións locais.*

A problemática das edificacións en estado de ruína non constitúe unicamente unha cuestión de disciplina urbanística. Trátase tamén dun desafío para a seguridade pública, a conservación do patrimonio arquitectónico tradicional, a protección da paisaxe e a revitalización do medio rural. A perda continuada destas construcións supón un deterioro progresivo da imaxe dos nosos pobos e contribúe á degradación do seu valor histórico, cultural e identitario.

Por todo iso, resulta necesario impulsar unha resposta coordinada entre as distintas administracións públicas, baseada nos principios de cooperación, solidariedade institucional e asistencia aos municipios, co obxectivo de proporcionar aos concellos os medios técnicos, económicos e administrativos necesarios para exercer con plena eficacia as competencias que o ordenamento xurídico lles atribúe. Esta iniciativa non pretende alterar o actual reparto competencial, senón reforzar os instrumentos de colaboración interadministrativa para ofrecer unha resposta máis áxil, eficaz e homoxénea a unha problemática que afecta de maneira singular ao conxunto do rural ourensán.

*Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO***

***PRIMEIRO**. Instar á Deputación Provincial de Ourense á creación dun Plan Provincial de Apoio aos Concellos para Actuacións Urxentes en Edificacións en Estado de Ruína ou Risco de Derrube, dotado de financiamento específico e dun servizo de asistencia técnica especializada, ben mediante medios propios ou a través de convenios cos colexios profesionais competentes, co fin de apoiar aos concellos na tramitación dos expedientes e na execución das actuacións necesarias para garantir a seguridade das persoas e dos bens.*

***SEGUNDO**. Instar á Xunta de Galicia á posta en marcha dun Plan Galego de Apoio aos Concellos para a Xestión de Edificacións en Estado de Ruína no Medio Rural, dotado de financiamento estable para actuacións de conservación, aseguramento, demolición ou execución subsidiaria, así como para a prestación de asistencia técnica aos municipios. Do*

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

mesmo xeito, instar á adopción das modificacións normativas precisas na lexislación urbanística e no procedemento administrativo co obxectivo de simplificar e axilizar a tramitación destes expedientes.

***TERCEIRO**. Instar á Xunta de Galicia á creación dun Banco Galego de Edificacións en Estado de Ruína ou Abandono, desenvolvido en colaboración cos concellos, que permita identificar aqueles inmobles susceptibles de rehabilitación, recuperación ou reutilización para novos usos residenciais, sociais, culturais ou económicos, contribuíndo así á revitalización do medio rural e á conservación do patrimonio construído de Galicia.*

***CUARTO**. Dar traslado dos presentes acordos á Xunta de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), ao Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Ourense, ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e aos concellos da provincia de Ourense, solicitando a súa colaboración institucional para impulsar unha resposta coordinada fronte á problemática das edificacións en estado de ruína no medio rural".*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 8

Non se producen máis intervencións e os grupos políticos da Corporación Provincial acordan votar por puntos esta moción.

En primeiro lugar vótase a emenda de modificación do Grupo Popular que é aceptada por unanimidade.

A continuación prodúcese a votación por puntos que queda da seguinte maneira:

O primeiro punto, modificado pola emenda do Grupo Popular, é aprobado por unanimidade.

Os puntos segundo e terceiro quedan aprobados co voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3), de Democracia Ourensana (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Popular (12).

O punto cuarto queda aprobado por unanimidade.

En relación con esta votación, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Ampliar a dotación económica do Plan Provincial de Vivenda da Deputación de Ourense ata os 1.500.000 euros, incorporando unha asistencia técnica especializada destinada a apoiar aos concellos na investigación, identificación e regularización xurídica, rexistral e catastral de vivendas e edificacións en estado de ruína ou abandono, especialmente cando as persoas propietarias sexan descoñecidas, falecidas ou ilocalizables, ou existan herdanzas sen formalizar, así como na tramitación dos correspondentes expedientes municipais.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

SEGUNDO. Instar á Xunta de Galicia á posta en marcha dun Plan Galego de Apoio aos Concellos para a Xestión de Edificacións en Estado de Ruína no Medio Rural, dotado de financiamento estable para actuacións de conservación, aseguramento, demolición ou execución subsidiaria, así como para a prestación de asistencia técnica aos municipios. Do mesmo xeito, instar á adopción das modificacións normativas precisas na lexislación urbanística e no procedemento administrativo co obxectivo de simplificar e axilizar a tramitación destes expedientes.

TERCEIRO. Instar á Xunta de Galicia á creación dun Banco Galego de Edificacións en Estado de Ruína ou Abandono, desenvolvido en colaboración cos concellos, que permita identificar aqueles inmobles susceptibles de rehabilitación, recuperación ou reutilización para novos usos residenciais, sociais, culturais ou económicos, contribuíndo así á revitalización do medio rural e á conservación do patrimonio construído de Galicia.

CUARTO. Dar traslado dos presentes acordos á Xunta de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), ao Colexio Oficial da Arquitectura Técnica de Ourense, ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e aos concellos da provincia de Ourense, solicitando a súa colaboración institucional para impulsar unha resposta coordinada fronte á problemática das edificacións en estado de ruína no medio rural.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG DEMANDANDO MEDIDAS ADMINISTRATIVAS E LEGAIS PARA A REGULARIZACIÓN DE PROPIEDADES (RÚSTICAS E URBANAS) EN ESTADO DE ABANDONO, COMO FERRAMENTA DE PROTECCIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS (EXP. Nº 2026/11472X).-

A esta moción o Grupo Popular presentou unha emenda “in voce” que é aceptada polo grupo propoñente da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“Galiza é un dos territorios europeas máis vulnerables aos incendias forestais. O cambio climático, o incremento das temperaturas extremas e dos períodos de seca, a fragmentación da propiedade, o abandono agrario e a ausencia dunha ordenación integral do territorio conforman un escenario de risco crecente, especialmente nas comarcas do interior e, de maneira singular, nas comarcas de Ourense. Ao que compre engadir o avellentamento da poboación e o decrecemento demográfico, e que, xunto coa perda de interese pola propiedade (especialmente en entornos rurais) teñen feito que este proceso de abandono e perda de relación dos propietarios afecte xa non só ás fincas rústicas senón tamén a

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

construcións en chan urbano.

A vaga de lumes sufrida en agosto de 2025 puxo de manifesto as debilidades do actual modelo de política forestal e de prevención. Máis alá das condicións meteorolóxicas adversas, os incendias evidenciaron as consecuencias acumuladas de décadas de abandono territorial, perda de actividade agraria e forestal, expansión de masas forestais continuas de elevada combustibilidade e a falta de implementación de medidas estruturais ó respecto da xestión do territorio.

A isto engádese a particular preocupación das zonas de interface urbano, onde conflúen os núcleos de poboación e fincas sen uso urbanístico en zona urbana. Nestas áreas, a presenza de parcelas e inmobles abandonados, a acumulación de biomasa combustible e o incumprimento das obrigas de conservación e limpeza incrementan notablemente o risco para as persoas e os seus bens. Especialmente ao non existir mecanismos que permitan a intervención publica nestas propiedades privadas dun xeito áxil e que evite a eternización do proceso administrativo, ano tras ano, sen resultados efectivos.

A normativa actual atríbúe ás persoas propietarias a obriga de conservar os seus bens e manter as condicións de seguridade esixibles. Porén, os concellos atopan importantes limitacións para garantir o cumprimento efectivo destas obrigas cando existen titulares descoñecidos ou ilocalizables, cando a propiedade se atopa excesivamente fragmentada entre múltiples herdeiros sen que ningún deles se sinta na obriga de facerse cargo ou cando os procedementos administrativos resultan lentos e en moitos casos inoperativos. Como consecuencia, numerosas parcelas e inmobles permanecen abandonados ano tras ano, xerando riscos evidentes para a seguridade pública e para a prevención dos incendias. Cunha capacidade real de execución por parte municipal practicamente inexistente.

Ao mesmo tempo, esta situación convive cunha crecente dificultade de acceso á vivenda, especialmente nos concellos do interior, onde centos de inmobles permanecen baleiros e abandonados durante anos, sen donos coñecidos, mentres moitas persoas, especialmente a mocidade e as familias con menos recursos, atopan enormes dificultades para acceder a unha vivenda digna. A recuperación destes inmobles mediante instrumentos de intervención pública permitiría, polo menos en parte, dar cumprimento á función social da propiedade, contribuír á revitalización dos núcleos de poboación e incrementar o parque público de vivenda en réxime de alugueiro accesible ou cando menos por actores privados que estiveran en disposición de acometer a súa rehabilitación e evitar o seu deterioro e as nefastas consecuencias que isto deriva para a seguridade e habitabilidade dos núcleos.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

Compre lembrar que a experiencia lexislativa galega demostra que o interese xeral pode xustificar a creación de instrumentos específicos para afrontar situacións de abandono prolongado da propiedade. A lexislación relativa á mobilización e recuperación de terras agrarias (Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia) que no seu Artigo 19 habilita a AGADER (Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia) a investigar a titularidade de bens situados en solo rústico ou de núcleo rural dos que non se teña certeza a titularidade. Podendo estes (tras o proceso administrativo recollido na lexislación) pasar a públicos en caso de non acreditarse a propiedade, así como a lei de concentración parcelaria (lei 4/2015 de Mellora da Estrutura Territorial de Galicia) constitúen precedentes que evidencian a capacidade do ordenamento xurídico galego para desenvolver mecanismos orientados a garantir a función social da propiedade e evitar que o abandono dun ben provoque prexuízos ao conxunto da sociedade. Pasando a súa xestión de xeito permanente ou temporal ao sector público tras un período prolongado de abandono. Isto viuse refrendado pola Lei 5/2025 de 23 de decembro de medidas fiscais e administrativas (DOG 31 de decembro).

Dende o primeiro momento, o BNG (e mesmo boa parte dos concellos galegos) reclamamos que esta Lei deixe de estar no papel e pase a ser executada de xeito urxente e efectivo.

A prevención e a defensa contra os incendies non poden concibirse como políticas desvinculadas da xestión forestal, do desenvolvemento rural e da ordenación do territorio. A protección efectiva da poboación require unha política forestal baseada na multifuncionalidade do monte, na diversificación das masas forestais, na recuperación do bosque autóctone, na creación dunha paisaxe en mosaico e na valorización dos aproveitamentos agrarios, gandeiros e forestais que contribúan a reducir a carga de combustible e a fixar poboación no territorio.

Por todo o exposto, resulta necesario promover un cambio de modelo que afronte as causas estruturais que están na orixe de boa parte dos incendias forestais en Galiza (moitos deles agora con afección a zonas urbanas), fortalecendo a prevención, mellorando a ordenación do territorio, garantindo a función social da propiedade e dotando ás administracións públicas dos instrumentos necesarios para protexer ás persoas, o patrimonio e o territorio, así como para recuperar inmobles e parcelas abandonadas que poidan incorporarse ao parque público de vivenda ou destinarse a outros usos de interese público-social.

Non é eficiente, posible, nin lóxico que ano tras ano se abran expedientes a teóricos propietarios que marcharon fai décadas do País, ou ben faleceron sen que existan posibles herdeiros que non chegan a oficializarse, conservando uns teóricos dereitos mais evitando

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

as obrigas. Como tampouco é posible que un Concello deba localizar ducias de herdeiros que en moitos dos casos nin se coñecen entre eles, nin están interesados na teórica propiedade que en moitos dos casos nin coñecen, e polo tanto dificilmente asumen a responsabilidade que conleva o título de propietario. O que nos leva a unha indeterminación á hora de afrontar as obrigas sobre inmóbeis e fincas.

Esta é a realidade coa que nos atopamos na actualidade como Administración local en mais dun 30% dos bens catastrados e que nos leva a investir parte das nosas capacidades económicas e administrativas en procesos recorrentes que resultan en boa medida estériles, unha situación que lonxe de mellorar se agrava ano a ano. Debemos pois, como representantes dos Concellos de Ourense e por conseguinte da maior parte da súa cidadanía propor os seguintes

ACORDOS

1. *Instar á Deputación á tramitación sancionadora, mediante o establecemento dos convenios interadministrativos, dos expedientes derivados de incumprimentos das obrigas legais de conservación e execución das labores de rehabilitación, limpeza de biomasa e recuperación de parcelas e inmobles, tramitadas polos Concellos.*
2. *Instar á Xunta de Galiza a aplicar o recollido no artigo 19 da Lei 11/2021, de 14 de Maio de recuperación de terras agrarias de Galiza, así como artigo 85 da Lei 5/2025 de 23 de decembro de medidas fiscais e administrativas, e demais articulado que faculta á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para procedementos de investigación e inspección de bens ou dereitos en chan rústico ou de núcleo rural, sobre cuxa titularidade non se teña certeza. Si non existe finalmente propietario coñecido tralo procedemento, este ben pasará a ser titularidade de AGADER entendendo que servirá para desenvolver o principio da función social da propiedade. Este instrumento dota ás administracións públicas dunha ferramenta para actuar sobre parcelas e vivenda abandonados, cando o seu estado supoña un risco para a seguridade das persoas, a salubridade, a conservación do patrimonio ou a prevención de incendies, permitindo igualmente que os inmobles recuperados mediante estes instrumentos peidan incorporarse ao parque público de vivenda, priorizando o alugueiro accesible e a fixación de poboación nos concellos afectados polo despoboamento.*
3. *Instar á Xunta de Galiza a elaborar un programa específico de recuperación de inmobles abandonados en núcleos urbanos e rurais que abranga todos os concellos galegos de menos de 20.000 habitantes, en colaboración con estes e as deputacións, co obxectivo de rehabilitalos e incorporalos ao parque público de vivenda, priorizando aqueles situados*

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

en zonas afectadas polo despoboamento, con demanda acreditada de vivenda ou nas áreas de interface urbano-forestal nas que a súa recuperación contribúa á redución do risco de incendies e a evitar as problemáticas xeradas por construcións en ruínas a edificios colindantes.

4. *Instar ó Goberno do Estado Español a través da Dirección Xeral de Catastro dependente do Ministerio de Facenda a executar (namentres este procedemento non sexa transferido ou conveniado coa Administración Autonómica) unha identificación forzosa e rigorosa dos propietarios das parcelas e bens inmobles que non teñan propietario certo (con nome, enderezo, documento de identidade e capacidade real de comunicación coa administración). Para elo deberá abrirse un proceso de colaboración interadministrativa que permita abrir un prazo para que a totalidade de propietarios de parcelas situadas en territorio galego sexan identificados. Unha vez rematado o procedemento sen que esta identificación sexa efectiva, a propiedade pasará a ser pública recaendo na administración a responsabilidade de xestión da mesma".*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 9

Non se producen máis intervencións e os grupos políticos da Corporación Provincial acordan votar por puntos esta moción.

En primeiro lugar vótase a emenda "in voce" do Grupo Popular que é aceptada por unanimidade.

A continuación prodúcese a votación por puntos que queda da seguinte maneira:

O primeiro punto, coa modificación do propio grupo propoñente da mocion, é aprobado por unanimidade.

O segundo e o terceiro puntos quedan aprobados co voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3), de Democracia Ourensana (3) e do deputado non adscrito (1) e a abstención do Grupo Popular (12).

O cuarto punto, modificado pola emenda "in voce" do Grupo Popular, queda aprobado por unanimidade.

En relación con esta votación, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a artellar un sistema centralizado de tramitación e xestión dos expedientes sancionadores derivados do incumprimento da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, prestando apoio aos concellos de menor capacidade de xestión e encomendando á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) a xestión recadatoria das sancións que resulten firmes.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

2. Instar á Xunta de Galiza a aplicar o recollido no artigo 19 da Lei 11/2021, de 14 de Maio de recuperación de terras agrarias de Galiza, así como artigo 85 da Lei 5/2025 de 23 de decembro de medidas fiscais e administrativas, e demais articulado que faculta á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para procedementos de investigación e inspección de bens ou dereitos en chan rústico ou de núcleo rural, sobre cuxa titularidade non se teña certeza. Si non existe finalmente propietario coñecido tralo procedemento, este ben pasará a ser titularidade de AGADER entendendo que servirá para desenvolver o principio da función social da propiedade. Este instrumento dota ás administracións públicas dunha ferramenta para actuar sobre parcelas e vivenda abandonados, cando o seu estado supoña un risco para a seguridade das persoas, a salubridade, a conservación do patrimonio ou a prevención de incendies, permitindo igualmente que os inmobles recuperados mediante estes instrumentos peidan incorporarse ao parque público de vivenda, priorizando o alugueiro accesible e a fixación de poboación nos concellos afectados polo despoboamento.
3. Instar á Xunta de Galiza a elaborar un programa específico de recuperación de inmobles abandonados en núcleos urbanos e rurais que abranga todos os concellos galegos de menos de 20.000 habitantes, en colaboración con estes e as deputacións, co obxectivo de rehabilitalos e incorporalos ao parque público de vivenda, priorizando aqueles situados en zonas afectadas polo despoboamento, con demanda acreditada de vivenda ou nas áreas de interface urbano-forestal nas que a súa recuperación contribúa á redución do risco de incendies e a evitar as problemáticas xeradas por construcións en ruínas a edificios colindantes.
4. Instar ó Goberno do Estado Español a través da Dirección Xeral de Catastro dependente do Ministerio de Facenda a executar (namentres este procedemento non sexa transferido ou conveniado coa Administración Autonómica) unha identificación forzosa e rigorosa dos propietarios das parcelas e bens inmobles que non teñan propietario certo (con nome, enderezo, documento de identidade e capacidade real de comunicación coa administración). Para iso deberá abrirse un proceso de colaboración interadministrativa que permita abrir un prazo para que a totalidade de propietarios de parcelas situadas en territorio galego sexan identificados. Unha vez rematado o procedemento sen que esta identificación sexa efectiva, a propiedade pasará a ser pública recaendo na administración a responsabilidade de xestión da mesma. Aplicando o recollido na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

10º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

1.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xuño de 2026.

Os membros da Corporación quedan informados.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: ver punto 11

E, ás 14.23 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN
OURENSE

PEGADA DIXITAL VÍDEO

<iframe width="560" height="315" src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2026/07/23/Sesion_Plenaria_23-07-2026/video_202607230959000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer; autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>

O Secretario Xeral
Documento asinado
electrónicamente mediante
actuación administrativa
automatizada.
18/09/2026

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 16342473620511757355 en https://sede.depourense.es